



XORNADA

Faite Profesional Dixital dos Contidos Dixitais

César González (Santiago, 1979)

Formación: Licenciado en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade de Vigo

- Que fai un experto en contidos en multipantalla?

-O noso labor é buscar a canle axeitada para que unha empresa ou institución lles chegue aos seus usuarios. Unha vez sabemos a canle, definimos cal é o contido adecuado para el.

- Como chegaches a esta profesión?

- Ao rematar os meus estudos universitarios, realicei un Máster en Xestión e Produción de Empresas Audiovisuais, sendo o mundo da imaxe un claro referente para min. Posteriormente derivei cara a consultaría de marketing, pero sempre mantendo un claro referente da importancia do contido audiovisual para comunicar mensaxes promocionais e publicitarios.

Semella que o tempo me deu a razón e, sen dúbida, no presente o vídeo é un referente en todo o que sexa comunicación corporativa. E coa proliferación dos dispositivos móbiles, as tarifas planas e a conexión 4G, o contido multipantalla é un campo onde hai moito por facer.

- Que oportunidades de futuro representa?

-Todas. A este paso, aínda que non sexa de todo bo, non faremos caso a ningunha mensaxes que non sexa en formato vídeo. As horas de consumo de contidos por habitante son brutais e alguén ten que xerar eses contidos, adaptalos aos novos formatos e manexar as estatísticas e accións que se deriven dese consumo.

- Que recomendacións lle darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta profesión?

-Hai que coñecer a tecnoloxía, porque é a base da comunicación actual. Pero sobre todo hai que ter unha mente aberta para ver cómo serán as tendencias de futuro, que é onde se xeran oportunidades de negocio.